

Cancións Outono - Samaín

CASTAÑAS ASADAS

(Popular)



Señora María, señor Manuel,
castañas asadas e viño con mel.
e viño con mel e viño con mel.
señora María, señor Manuel.

Esta noite fun o muiño
cun feto de nenas novas.

Elas todas en camisa
eu no medio en cirolas.
Eu no medio en cirolas,
eu no medio en cirolas.

Señora María, señor Manuel, ...

Agora que ven o tempo
de facer as esfolladas.

Comeremos coas mozas,
catro castañas asadas.
Catro castañas asadas,
catro castañas asadas.

Señora María, señor Manuel, ...

Maruxa berrou con Sinda
na carballeira de abaixo.

Por que lle picaba o toxo
que levaba no refaixo.
Que levaba no refaixo,
que levaba no refaixo.

Señora María, señor Manuel, ...

Polainas miñas polainas
non me vou de aquí sin elas.

Que me preguntan as mozas,
tódalas noites por elas.
Tódalas noites por elas,
...

**CASTAÑAS NO MAGOSTO**

(Popular)



Non chas quero, non chas quero,
castañas do teu magosto;
Non chas Quero, non chas Quero,
que me cheiran ó chamusco.
Aí la lelo aí la lelo.

A castaña no ourizo
quixo rir e rabeou,
caeu do castaño abaixo,
mira que pago levou.
Aí la lelo aí la lelo.

Do outro lado do río
ten meu pai un castiñeiro,
da castañas en agosto,
uvas pasas en xaneiro,
Aí la lelo aí la lelo.

Acabáronse as vendimas
e veñen as esfolladas,
para comer coas mozas
catro castañas asadas.
...

Santo que estás no canizo
bota castañas abaixo,
que anque non teño mandil
apáñochas no refaixo.
....

O adro do San Martiño
ten vintecinco escaleiras,
para subir e baixar
tódalas namoradeiras.
...

Acabáronse as castañas
secaron os castiñeiros;
Acabáronse as rapazas,
quedan os mozos solteiros.
...

CANCIÓN DO MAGOSTO

Libro 13 Lúas



Santo que estás no canizo
bota castañas abaixo,
Non as botes pequeniñas
que ás pequenas non me baixo.

Ailalala, ailalala
Ailalalalalalalala

Tiña maria no peto
catro castañas asadas,
Veu un gato amarelo
e larpoulle a paparada.

Ailalala

Para comeres castañas
dereitiñas do castiro,
vai o monte e non te perdas,
vai o monte e non te esquezas,
que o que buscas son ourizos.

Ailalala ...

Sopra o vento na devesa
vente comigo neniña,
se castañas apañares
boa festa cantarías.

Ailalala....

**A CASA DO TERROR**

(Xoán Curiel)



A casa do terror non ten nin ascensor,
Ti subirás a pé, atoparás cos
Máis terroríficos, ultramaleficos
Bichos histéricos e monstros aerofáxicos.

A casa do terror non ten televisión,
Pois haiche diversión e non se aburren, non.
Facendo malabares nunha persecución.
Os esqueletos cos seus ósos tocan percusión.

Mascotas infernais e plantas fantasmais
Con bocas de calmán comezan a cantar.
E queren perseguirte, facerche cóxegas
Que o pesadelo atrapa a quen queira escapar
Da casa do terror, da casa do terror.

A casa do terror so ten porta para entrar,
Ao entrar ti só berrarás, alia toparás:
Aos ratotiburóns e aos mouchocodrilos,
Os perri-Frankenstains e os gativampiros.

Equinos-tiburóns, felinos con cara de furón
Baillando reaggetón, que inferno de cancións!
Pirafías belcebú, chegadas de Perú
E as moscas máis sarcásticas cun corno no cu.

Mascotas infernais e plantas fantasmais...

Da casa do terror queremos escapar
Ti foxe cara alí, eu corro cara alá,
Fomos caer aquí, a banda do verán,
Con nenas-pesadelo que cantan nanas pu

A auga está xeadá, a cama chea de po,
E que hai para cear na casa do terror?
Bruxas que fan a cea e un sapo falador
Con baba de culebra acenden o asador.

Mascotas infernais e plantas fantasmais..

Na casa do terror non hai porta para saír,
Na casa do terror aventuras para vivir.
Na casa do terror non hai porta para saír,
Na casa do terror vén con nós se queres vir.

